

# Guía sobre o acceso a outros cursos do Grao Elemental

---

1. Información xeral.....	2
1.1 Estrutura da proba de acceso.....	2
1.2 Superación da proba e obtención de praza.....	2
2. Proba de acceso.....	3
2.1 Exercicio teórico-práctico.....	3
2.1.1 Contidos.....	3
2.1.2 Criterios de avaliación.....	3
2.1.3 Criterios de cualificación.....	4
2.2 Interpretación.....	4
Rúbrica empregada para a cualificación da proba instrumental.....	5

# 1. Información xeral<sup>1</sup>

---

As probas de acceso a outros cursos celebraranse no mes de Setembro. A matrícula nestas probas estará condicionada á existencia de prazas dispoñibles nos diferentes cursos e para cada especialidade instrumental. A estes efectos, os alumnos interesados deberán solicitar praza para o curso e especialidade instrumental que desexen cursar na última semana de Maio. Unha vez rematado este prazo, a dirección do Centro comunicará a existencia ou non da praza solicitada. No caso de existir a mesma, a persoa interesada deberá realizar a matrícula na correspondente proba de acceso.

Para o acceso aos cursos do grao elemental a idade mínima será de oito anos e a máxima de catorce anos, cumpridos ou por cumprir dentro do ano natural.

Os aspirantes presentaranse ás probas con partituras orixinais, e naquelas obras que así o requiran, os aspirantes deberán aportar os seus músicos acompañantes.

## 1.1 Estrutura da proba de acceso

Para todas as especialidades as probas constarán de dous exercicios, que teñen carácter eliminatorio e que consisten en:

A) **Interpretación**, no instrumento da especialidade á que opte, de dúas obras de libre elección e unha obra ou exercicio a primeira vista proposto polo tribunal, do nivel correspondente ao curso inmediatamente anterior ao que se opte.

B) **Exercicio teórico-práctico** para avaliar a capacidade auditiva e vocal, así como os coñecementos de linguaxe musical.

No desenvolvemento das probas, o exercicio de interpretación instrumental farase en primeiro lugar. Para superar a proba cumpre ter unha cualificación mínima de cinco puntos sobre dez en cada un dos exercicios. A puntuación definitiva será a media ponderada da cualificación obtida nos dous exercicios, cos seguintes porcentaxes:

- Exercicio A (Interpretación instrumental): 60%
- Exercicio B (Vocal, auditivo e de linguaxe musical): 40 %

## 1.2 Superación da proba e obtención de praza

Se o número de solicitantes é superior ao de prazas ofertadas, a adxudicación destas realizarase por orde de puntuación na proba de acceso e, de ser igual a cualificación, desempatarase pola puntuación obtida na parte A.

---

<sup>1</sup> **Lexislación aplicable:** Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música. Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.

## 2. Proba de acceso

---

### 2.1 Exercicio teórico-práctico

Nesta proba valorarase a capacidade de comprensión auditiva, de entoación, de realización rítmica e lectura de notas, así como os coñecementos teórico-prácticos dos alumnos. Versará sobre os contidos do/s curso/s de grao elemental anterior/es ao que se accede, incluíndo tanto os de Linguaxe Musical como os de Educación Auditiva e Vocal.

Esta proba divídese en catro partes:

**1. Ritmo e lectura:** Lectura medida dun ou varios exercicios cos contidos vixentes na programación de Linguaxe musical correspondentes aos cursos anteriores ao que se accede.

**2. Entoación** dunha melodía en clave de Sol e sen texto, con ou sen acompañamento de piano, pero sen dobrar a melodía, que inclúa os contidos dos cursos anteriores aos que se acceda. O alumno entoará o exercicio sen axuda do piano, quedando a discreción do tribunal darlle algún son en caso de que perda a referencia tonal.

**3. Proba auditiva.** Incluirá dúas partes: Unha serie de exercicios auditivos sobre os contidos dos cursos anteriores ao que se accede: recoñecemento de compases, modalidade, identificación de melodías, recoñecemento de intervalos, acordes, tipos de escalas...

A segunda parte será a realización dun ditado dun fragmento rítmico-melódico a unha voz, en compás regular e cunha extensión entre 8 e 16 compases, facilitándose a pulsación, o LA de referencia e os grados tonais da tonalidade correspondente (deberase averiguar a tonalidade e compás).

**4. Teoría:** proba escrita onde se avalíen os coñecementos teóricos.

As probas teórica e auditiva realizaranse en grupo e as probas de entoación e ritmo serán individuais, tendo o alumno 10 minutos aproximadamente para a preparación dos exercicios de ritmo e entoación (5 minutos por proba). Nestes 10 minutos os alumnos non poderán utilizar ningún instrumento. Permitirase a axuda do diapasón.

#### 2.1.1 Contidos

Os contidos de cada unha das probas serán os correspondentes aos contidos de todos os cursos anteriores ao que desexe acceder o alumnado.

#### 2.1.2 Criterios de avaliación

##### 1. Ritmo e lectura:

- Mostrar unha correcta execución das diferentes fórmulas rítmicas que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder.
- Lectura fluída e sen paradas.
- Marcar o compás de forma axeitada.
- Manter un pulso constante e regular ó longo do exercicio.

## 2. Entoación:

- Imitar, con correcta afinación, sons dados como referencia.
- Demostrar control da correcta afinación e corrección na entoación interválica dentro do contexto tonal.
- Demostrar uns mínimos coñecementos da emisión do son.

## 3. Proba auditiva:

- Mostrar capacidade para identificar auditivamente e reproducir por escrito ditados que conteñan as dificultades traballadas nos cursos anteriores ao que se pretende acceder.
- Mostrar capacidade para identificar auditivamente aspectos musicais como o compás, o modo, acordes, tipos de escala, sempre de acordo ao traballado nos cursos anteriores ao que se pretende acceder.

## 4. Teoría:

- Expresar verbalmente ou por escrito os conceptos teóricos traballados nos cursos anteriores ao que se pretende acceder e demostrar a súa comprensión aplicándoos a exercicios prácticos.
- Empregar unha boa caligrafía na escritura musical.

### 2.1.3 Criterios de cualificación

A cualificación será a media aritmética ponderada de cada área de coñecementos:

- Ritmo e lectura: 35%
- Entoación: 25%
- Ditados e exercicios de audición: 20%
- Teórico-analíticos: 20%

O resultado final expresarase mediante a escala numérica de 1 a 10. A puntuación, así calculada, será como mínimo de 5 puntos para poder superar a proba.

Para superar a materia, o alumno/a debe cumprir os mínimos esixidos en cada unha das partes.

## 2.2 Interpretación

Os contidos e criterios de avaliación, así como os materiais didácticos orientativos para esta proba, serán os recollidos nas programacións das diferentes especialidades instrumentais para o curso inmediatamente anterior ao que se quere acceder.

Pódense consultar as programacións didácticas na páxina web do centro.

Para o cálculo da cualificación do exercicio de interpretación empregarase a seguinte rúbrica: